

O romántico exquisito

200 anos de Franz Liszt

JOAQUIM VENTURA


Como hai pouco aconteceu con Chopin e mais con Schumann, estanse a cumprir nestes días os douscentos anos do nacemento dos diversos artistas románticos. Así, este 22 de outubro celébranse os dous séculos da chegada ao mundo de Franz Liszt, un dos principais pianistas do século XIX.

Liszt naceu en Hungría —daquela parte do Imperio Austrohúngaro—, nunha familia de orixe austríaca e practicante da música: o seu pai —funcionario ao servizo de Nicolás II Esterházy, familia de príncipes húngaros— tocaba diversos instrumentos, mesmo chegou a actuar con músicos de capela e tivo relación con Haydn, Hummel e Beethoven. Este achegamento precoz do Liszt neno ás partituras despertou nel unha especial predilección pola música sacra e tamén por esoutra dos xitanos. Con oito anos, o pequeno Franz xa facía composicións e improvisacións. Aos nove xa daba concertos e foi presentada na casa de Esterházy, cousa que lle permitiu estudar música en Viena con Hummel e Salieri.

En 1822 debutou na capital imperial austríaca, con grande éxito. Ao ano seguinte deu concertos en Munich, Augsburg, Stuttgart e Strassburg, antes de instalarse coa súa familia en París. Pero como queira que Cherubini, o director do conservatorio, impuxera que nel só estudiasen rapaces franceses, Adam Liszt converteuse en mestre de piano do seu fillo, traballando en harmonizar obras de Bach en diversas tonalidades.

Franz aprendeu francés ben axiña e tivo acceso a un piano pioneiro, un Érard, que dispuña do mecanismo de dobre escape. O rapaz actuaba en círculo privados e nos anos seguintes visitou Inglaterra. Xa con trece anos, encarou a composición da súa primeira ópera, *Don Sancho, ou o castelo do amor*, se ben que non tivo éxito. Iso levouno a un afastamento da música e un achegamento á relixión. Porén, o seu pai obrigouno a volver ao pentagrama e mais á composición de estudos.

Doente en 1827, o xove Liszt trasladouse co seu pai a un balneario normando, pero o vello Adam morreu de tífus ás poucas semanas. Libre da autoridade paterna, Franz deixou o papel de neno prodixio e procurou unha formación cultural que non tivera grazas á lectura, afección que nunca deixou ata á morte. Du-



Franz Liszt (1811-1886)



Casa natal de Liszt en Raiding (Hungría). Á dereita: piano de Liszt conservado en Budapest.



rante cinco anos viviu coa súa nai nun piso modesto en París, dando clases de piano, un tempo de vida desordenada que o levou a fumar e beber en exceso, adicións que xa nunca deixaría.

De novo tivo vontade de achegarse á relixión católica, malia o cal se enamorou dunha alumna, filla dun ministro de Carlos X. Foi aquela unha nova etapa de dúbidas que levaron a Liszt a seguir a Saint-Simon e a adscribirse ao romantismo musical. Despois de asistir á execución da Sinfonía fantástica de Berlioz e de coñecer ao violinista Paganini, decidiu converterse en virtuoso do piano. Para iso afundou na técnica do instrumento en colaboración con Sébastien Erard e facendo transcricións de diversas obras. Amigo de Chopin, con el desenrolou o aspecto poético e romántico.

Deseñou o formato de recital de piano tal e como hoxe o coñecemos

Iso e mais a relación que tivo coa condesa Marie d'Agoult foi o que estabilizou a súa vida. Establecido en Xenebra, Franz Liszt foi profesor do seu conservatorio. Porén, a in-

tención de de regresar aos concertos provocou que Marie se trasladase a París. Foron sete anos de xira, deseñando o formato de recital de piano tal como o coñecemos, dos que deu uns mil, ás veces con catro por semana. Era a "Lisztmania", unha moda que percorría Europa e que levaba a que o público reclamase a súa presenza (que nas mulleres adquiría niveis de histeria colectiva).

Tratouse, en calquera caso, d'ha fama que se vía crecida polas obras de caridade que o pianista facía grazas aos seus ingresos. Tamén colaborou Liszt no monumento a Beethoven, coa catedral de Colonia, e aínda na fundación da Escola Nacional de Música húngara. E, como antes fixera Paganini a prol dos afectados polo cólera, ofreceu concertos solidarios para as vítimas do incendio de Hamburgo en 1842.

Aos trinta e cinco anos, e despois de coñecer en Kiev á princesa polaca Carolyne zu San-Wittgenstein, coa que estivo algúns anos, deixou a carreira de concertista. Viviu en Weimar ata 1862, onde se dedicou ao ensino e a compoñer, entre outras obras, a *Sonata en mi menor*, a *Missa solemnis* e algúns dos seus *Poemas sinfónicos*. Daquela marchou a Roma, pero diversas adversidades persoais lle levaron a profesar ordes menores.

O Romantismo supuxo, alén dunha ruptura estética co Barroco e co Neoclasicismo (que en termos musicais coincidiría co clasicismo sinfónico), esoutra aínda da relación entre os artistas e a relixión. Despois da presenza do catolicismo na estética barroca, a individualidade do artista romántico veuse reafirmar fronte á sociedade e tamén fronte a Deus.

Porén, o caso de Franz Liszt foi contra corrente nese senso. Desde mozo, Franz tivo veces por achegarse ao catolicismo dun xeito activo. Quizais ese sentimento evitou que caese na tentación da frivolidade por mor dos seus éxitos ar-

tísticos e económicos e que dedicase, xa que logo, boa parte do que gañou á caridade.

Ese achegamento ao catolicismo callou

Romantismo e relixión

definitivamente cando —despois da morte do seu fillo Daniel e da súa filla Blandina— profesou as ordes menores, no tempo en que residía en Roma. Daquela vivía nun pi-

so sinxelo e ingresou nunha orde terciaria franciscana. Naqueles anos a súa música e mais o seu labor estiveron dedicados ao ensino gratuito e ás composicións corais.

Alén da súa *Missa Solemnis*, Liszt compuxo un *Requiem* (recentemente interpretado por primeira vez en España). Pero el non foi o único romántico en compor música sacra. Non podemos esquecer o impresionante *Ein Deutsches Requiem* de Brahms, os tres que compuxo Cherubini, a *Messa de Requiem* de Verdi ou a Berlioz, co seu *Requiem* e a *Gran Sinfonía Fúnebre e Triunfal*. Alén, iso tamén, dos requiems de Lechman e de Neukomm.